




COVAS-SERRA DE ENCIÑA DA LASTRA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 2.700 m

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Unha pequena ruta circular pola beira do Sil en Covas que nos permite gozar dunha paisaxe espectacular sobre os cantís do canón do Sil, visitar unha cova calcárea, un forno de cal e ver unha gran variedade de plantas propias desta zona que forma parte do Parque Natural Enciña da Lastra.

Covas é unha poboación do concello de Rubiá asentada nunha pequena chaira á beira do Sil, ao pé do encoro de Penarrubia, rodeada de impresionantes paredes calcáreas.

COMO CHEGAR:

Desde O Barco de Valdeorras tomamos a estrada a Ponferrada e, xusto antes de entrar no túnel (a uns 18 km de O Barco), cóllese o desvío a Covas. Podemos cruzar a localidade e achegarnos co vehículo ata a estación do tren para comezar a ruta a pé.

No primeiro tramo hai que seguir a vía do tren ata chegar á boca do túnel onde se colle un carreiro, á esquerda, pola beira do encoro. Un pouco máis adiante atoparemos a cova, xusto nunha crista que sobresa sobre o río, e logo unha pista que vai a Vilardesilva e collémola cara arriba, en sentido a Covas, para volver ao punto de partida. No camiño atopamos un antigo forno de cal e gran variedade de plantas de gran interese propias das zonas calcáreas.

No desvío a Covas hai un miradoiro para contemplar a paisaxe do canón, e un pouco antes de entrar na localidade, preto dunha curva, á esquerda da estrada, atópase a aciñeira máis grande de Galiza.



Aciñeira de Cobas (Rubiá-Ourense).

É a máis grande e máis antiga de Galicia, con preto de 400 anos. Mide 17,50 m de alto e 6 m de perímetro. Segundo unha lenda local debaixo da pedra que está na base do toro hai enterrado un tesouro do tempo dos mouros. Atópase na entrada de Covas á esquerda da estrada.





Cantís calcáreos sobre o Sil



Forno de cal



Cova



Lonicera etrusca. Especie de chuchamel de clima mediterráneo que só se atopa no surleste de Ourense.



Arce de Montpellier (*Acer monspessulanum*). Árbore de pequeno porte que ten en Enciña da Lastra a única localización en Galicia.



Petrocoptis grandiflora, un endemismo exclusivo da serra de Enciña da Lastra.



Adiantum capillus-veneris, un fento que só aparece moi disperso e raramente, que tamén se cultiva como ornamental.